Vida de amor e enfermidade



Santy López

Fotografías e tratamento de imaxe
Santy López

Textos
Margarita Ledo Andión
Manuel Darriba
Marica Campo
Xosé Marra
Delmi Álvarez
Quiara López Ferrer
Esther López

Deseño cuberta
Xosé Marra

Edición de textos
Manuel Darriba

Maquetación
Quiara López Ferrer
P. Felipe López
Carlos Villarabid

Impresión
Unicopia Artes Gráficas, S.L.

Distribución comercial
Peregrinoteca, S.L.U.

ISBN: 978-84-09-77518-7
Depósito Legal: LU 175-2025

Copyright das fotografías: Santy López. Copyright dos textos: os seus autores.
Queda prohibida a reprodución total o parcial, por calquera medio, das fotografías e textos publicadas neste libro.

Santy

Lugo, 2026



© Santy López / 2024

O espello e a ollada para fotografar a alma

Margarita Ledo Andión

Leo o que che escriben dous amigos para **Vida de amor e enfermidade**, Santy; para o teu proxecto máis fráxil e íntimo. Son dous amigos tamén de meu e nos textos recoñezo axiña o humor calmo de Marra canda as lembranzas dos encontros fortuítos que rematan en convivio. Ou palpo o desasosego, o sentimento fragmentado de Delmi, mentres comenta esa querenza polo teu traballo de 40 anos na fotografía. Ti dis que estás a atravesar un tempo ambiguo: como paciente e como fotógrafo que quere reter imaxes dese acontecemento inagardado, o cancro, onde o azar xoga mal os dados.

A foto, esa imaxe que non existe sen o outro, esa imaxe coa súa materia carnal no exterior, sabemos que se fai dende dentro, dende o ollar de quen mira, escolle, encadra, decide larga ou curta focal, a angulación... e toma posición. En **Vida de amor e enfermidade** ese outro es ti e ao mesmo tempo fas un compendio do teu modo de fotografar o mundo para dárllelo aos máis. Fotos para publicar outrora na prensa, nun libro agora, a través das que vas construíndo unha relación emocional co teu corpo ferido, co artefacto-máquina e con ese dispositivo xa familiar dos hospitais que ten como misión sandar.

Adoptas, Santy, mil variacións. Estás dentro e fóra. Ollas para cada detalle, para os espazos baleiros que cómpre esculcar, para as persoas cas que tratas e que te tratan, para a longa espera e para te recoñeceres nese plano curto que nos agasalla o profundo dunha mirada que se formou na fotoxornalismo, é dicir, no contacto co seu suxeito, co real; nese estar perto de; na representación como compromiso co que se dá a ver; na fidelidade á imaxe que devala dos acontecementos e daquela que lúe na auto-reflexión: que fago acó? Dou a ver un lugar que adoito desacouga porque resulta familiar?.

Quen amamos a foto publicada, sabemos que nas últimas décadas todo semella arredarnos da tradición da fotoxornalismo, daquela profesión que emerxe coa modernidade e que trouxo para o mundo da imaxe técnica -e das súas propostas expresivas en relación coas mutacións- a ollada autoral, os traballos de ciclo longo coma este teu, o dereito a escoller tal estás a facer, a consciencia de que realizas unha obra para outras persoas, para nós. Por iso falo de como miro as túas fotos e o singular itinerario múltiplo que organizas -velaí a sobre-posición de pantallas na capa- para adentrármonos neste teu novo habitáculo a través de determinados obxectos, de cousos que connotan e nos sitúan no Servizo galego de saúde como paisaxe de fundo e na cámara como personaxe activa, que nos vai engarzar co teu cotián no HULA. Axiña os ollos fican prendidos a ese contraste máximo de escala e ton coa pílula branca na cunca da man, da mesma man que terma do momento exacto do disparo.

Sigo tres sinais en encrucillada como marca de teu, como a túa sinatura autoral: un sinal son as series que van narrando o paso do tempo e a relación entre o artefacto e o teu corpo enfermo, o plano aberto en conxunción co plano detalle e eses planos xerais que abren para incorporar persoas que configuran unha comunidade accidental que vai e vén nos hospitais. Un outro sinal é a serie do espello, ese ritual que organiza o caos: a práctica do auto-retrato, con elementos de contexto que tratas coma cómplices estéticos ou como compaña amical soborda calquera intención voyeur para devir unha chamada á resistencia. E por fin os ollos de Santy como materia da imaxe. Ás veces con melancolía, como na páxina 37, outras reclinados na almofada e en quen se para a ver na 13 ou como testemuña dun espazo, o cuarto de baño, que permite o verso e o anverso. Volvo sempre ao retrato da alma, anotei. Ao retrato da 61. Porque é o teu rostro, Santy, a man túa na tempa, o rictos nas cellas o que trae a luz e fai da escuridade algo que nos permite ver.

E gosto das fotos con Víctor na casa, talvez porque así podo agradecervos, unha vez máis, a vosa axuda e colaboración para que unha das escenas que mellor representan o meu filme **Liste, pronunciado Líster** (2007), puidera ser verdade ao se gravar na Imprenta Villarabid, Sarria. Beizón!.



Ata cando? - Sarria, agosto 2020.